

RÚBRICA PARA COAVALIACIÓN DO ALUMNADO

	Nivel 1 (Excelente)	Nivel 2 (Bo)	Nivel 3 (Aceptable)	Nivel 4 (Insuficiente)
Duración e idioma da presentación	A presentación tivo unha duración perfecta. Todas as persoas falaban en galego sen grandes erros.	A presentación durou un tempo axeitado. Todas as persoas falaban en galego pero con algún erro.	A presentación durou o xusto. A maior parte foi en galego.	A presentación foi curta. Non foi en galego.
Información do equipo	Presentaron aos membros do equipo con nomes e apelidos. Indican o rol que tiveron no grupo.	Presentan aos membros do equipo con nome e apelidos.	Só presentan algún membro do equipo.	Non presentan aos membros do equipo.
Contan como o fixeron	A explicación sobre como resolveron o reto foi clara e comprensible, aportando detalles.	A explicación sobre como resolveron o reto foi clara.	A explicación sobre como resolveron o reto foi básica.	Non explicaron como resolveron o problema.
Dificultades atopadas	Explican as dificultades atopadas con detalles e exemplos.	Explican as dificultades que atoparon ao realizar o proxecto.	Mencionaron algunhas dificultades, pero sen profundizar.	Non mencionaron as dificultades atopadas.
Indican dúas cousas que aprenderon	Indicaron dúas cousas que aprenderon e como o fixeron.	Indicaron dúas cousas que aprenderon durante o proxecto.	Indicaron por enriba o que aprenderon.	Non indicaron o que aprenderon.
Abren roldas de preguntas	Abriron unha rolda de preguntas e animaron a participar.	Abriron rolda de preguntas e contestaron.	Abriron rolda de preguntas pero non contestaron.	Non abriron unha rolda de preguntas.
Historia	A historia é comprensible, ten un principio, un desenvolvemento e un final claro.	A historia ten un principio, un desenvolvemento e un final, pero hai momentos confusos.	A historia ten varios momentos confusos.	Non se entende a historia.
Calidade técnica	As imaxes están claras e ben secuenciadas.	As imaxes son claras con algúns erros de secuenciación.	As imaxes son claras pero con varios erros.	As imaxes son borrosas e hai varios erros técnicos.
Uso de recursos	Os materiais e fondos están ben elaborados.	Os materiais e fondos son adecuados.	Os materiais e fondos son básicos.	Os materiais e fondos están pouco traballados.



“Rúbrica para coavaliación do alumnado – En acción para o galego!”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)